



**ACTA DE CONSTITUCION DA MESA PARA A CONTRATACIÓN DE "CAMPAMENTO URBANO DE VERÁN ANO 2014". VIABILIDADE DE PROPOSTA ECONÓMICA.**

Na Casa Consistorial do Concello de Tui e ás nove horas do día 13 de xuño de 2014, constitúese a correspondente MESA DE CONTRATACION, presidida por D. Moisés Rodríguez Pérez, actuando como vogais, o interventor do concello D. Aitor Iglesias Monzón, a secretaria do concello Dª Irene Suárez López, o animador deportivo municipal D. Diego Fernández López e o concelleiro de facenda e patrimonio D. Marcelino E. Cendón Vázquez, actuando de secretaria da Mesa a funcionaria Dª María Jesús Blanco Martínez.

Acto seguido, a secretaria da conta de documentación presentada pola empresa Actividades Lúdicas de Galicia, S.L. a efectos de xustificación de viabilidade da proposta económica presentada, no tocante á axeitada xustificación de prezos ofertados en relación entre a solvencia da empresa e a oferta presentada, de conformidade co acordado pola Mesa de Contratación na apertura pública de proposta económica realizada o día 5 de xuño do actual.

Vistos os documentos aportados pola referida empresa e emitido informe polo animador deportivo municipal e membro desta Mesa de Contratación, no que se indica que: "(...) se entende xustificada a oferta económica, despois de analizar tódolos custes relativos a tódolos gastos necesarios para afrontar coas máximas garantías a execución do proxecto.", e a efectos do indicado no art. 152.3 do TRLCSP, a Mesa de Contratación, por unanimidade, acorda:

1º.- Admitir a proposta económica presentada pola empresa "Actividades Lúdicas Galicia, S.L.", que ofrece::

Oferta económica: 13.500,00€. IVE 10%: 1.350,00. Total: 14.850,00€. **Valoración: 40 puntos.**

Aumento de número de prazas en cada quincena: 70 prazas.: **Valoración: 20 puntos.**

Aumento no horario do campamento entre as 08:00 e as 15:00 horas de luns a venres: Ofrece aula matinal de 8.00 ata as 9.00 horas. Ofrece aula de sobremesa de 14.00 ata as 15.00 horas. **Valoración: 20 puntos.**

2º.- A puntuación total acada pola referida empresa no referido contrato será:

- Puntuación sobre C-Nº3. Proxecto de prestación de servizo: **19 puntos.**

- Puntuación sobre B-Nº2. Criterios cuantificables de forma automática: **80 puntos.**

**Puntuación total: 99 puntos.**

2º.- Polo exposto anteriormente, o Tribunal acorda **propoñer á empresa "Actividades Lúdicas Galicia, S.L."**, CIF B27791086, con enderezo en rúa García Barbón, nº 36, Planta 3ª, Oficina 2, 36201 Vigo, que se eleva ó órgano de contratación para requirir ó licitador proposto que presente a documentación xustificativa de conformidade co artigo 151 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público así como documentación acreditativa dos aspectos presentados segundo de declaración responsable, de conformidade coa Lei 14/2013 de 27 de setembro.

De seguido, ás nove horas e trinta minutos, se estende a presente acta, que trala súa lectura é asinada por tódolos asistentes, do que eu secretaria, dou fe.

A MESA DE CONTRATACION.

O ALCALDE

A SECRETARIA DA MESA

Asdo: Moisés Rodríguez Pérez

Asdo. Mª Jesús Blanco Martínez

VOGAIS:

O INTERVENTOR

A SECRETARIA DO CONCELLO.

Asdo: Aitor Iglesias Monzón.

Asdo: Irene Suárez López.

O ANIMADOR DEPORTIVO MUNICIPAL

O CONCELLEIRO DE FACENDA E PATRIMONIO

Asdo. Diego Fernández López

Asdo. D. Marcelino E. Cendón Vázquez